

ANEXO II

MODELO DE RESOLUCIÓN/ACORDO DE ADHESIÓN AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2026

Unha vez vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2026, e no uso das atribucións que me confire o ordenamento xurídico vixente, dispoño/acordo:

1º) Aprobar a adhesión do Concello / Entidade de _____ ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2026, con aceptación expresa do contido íntegro das ditas bases sen salvidade ou reserva ningunha.

2º) Solicitar a inclusión no Programa de investimentos do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2026, cunha achega provincial polo importe total de € e unha achega municipal (exclusivamente para o cofinanciamento das actuacións incluídas no programa con achega provincial) polo importe total de €, dos seguintes investimentos:

- *Investimentos para incluír no plan con achega provincial (incluíranse os investimentos que procedan de conformidade co disposto na base quinta do plan, especificando para cada un deles a súa denominación, orzamento total, a achega provincial e, se é o caso, a achega municipal -na dita achega municipal entenderanse incluídas, de se-lo caso, as achegas procedentes doutras administracións nos termos da base segunda do plan-)*

--

- *Investimentos para incluír no plan sen achega provincial (incluíranse os investimentos que procedan de conformidade co disposto na base quinta do plan, especificando para cada un deles a súa denominación e orzamento total).*

3º) Solicitar a inclusión no Programa de gasto corrente e amortización de débeda do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2026, cunha achega provincial polo importe total de € e unha achega municipal (exclusivamente para o cofinanciamento das actuacións incluídas no programa con achega provincial) polo importe total de €
€, das seguintes actuacións:

- Gastos ou actuacións para incluír no plan con achega provincial (incluíranse os gastos ou actuacións que procedan de conformidade co disposto na base quinta do plan, especificando para cada un deles a súa denominación, orzamento total, a achega provincial e, de ser o caso, a achega municipal –na dita achega municipal entenderanse incluídas, de se-lo caso, as achegas procedentes doutras administracións nos termos da base segunda do plan-).

- Gastos ou actuacións para incluír no plan sen achega provincial (incluíranse os gastos ou actuacións que procedan de conformidade co disposto na base quinta do plan, especificando para cada un deles a súa denominación e orzamento total).

4º) Asumir o compromiso firme de incluír nos orzamentos do concello/entidade, respecto das actuacións incluídas no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación provincial de Ourense para o exercicio 2026 con achega provincial, crédito dabondo para o financiamento da achega municipal comprometida.

5º) Aprobar a memoria descritiva dos investimentos e actuacións para incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2026, que se achega como anexo da presente resolución/acordo.

6º) Declarar (no seu caso) que esta entidade atópase na situación de insuficiencia financeira manifesta prevista na base segunda do plan por cumprir, simultaneamente, os seguintes requisitos respecto ao último exercicio orzamentario liquidado: volume total de capital vivo de endebedamento superior ao 75 % dos seus recursos correntes, remanente de tesourería negativo, inestabilidade orzamentaria, e resultado orzamentario negativo.

Ourense, ____ de _____ de 20

Asdo.: _____